




ILTMO. CONCELLO
DE
CAMBADOS
(PONTEVEDRA)



E fotocopia do orixinal que se me exhibo.

Cambados, 11 JUL 2002

O Secretario, acc.

JOSE BENITO VAZQUEZ CASAIS
D.N.I. N.º 28.812.111


ANEXO Nº5

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE CULTURA, C.S. E TURISMO

(Para rehabilitación do edificio para usos múltiples A Xuventude)

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento forma parte do expediente da Modificación Puntual nº 3 "A Xuventude" das NN.SS.MM. de Cambados, sometido a nova información pública por acordo da Comisión de Goberno, de data 19.11.2001. Certifico. Cambados, 8 de abril de 2002.

O Secretario Accidental.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento forma parte integrante do expediente relativo á Modificación Puntual nº 3 "A Xuventude" das NN.SS.MM. de Cambados, que foi aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, en sesión do 28.6.02. Cambados, 15 de xullo de 2002. Certifico.

O Secretario Accidental.





DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento forma parte do expediente da Modificación Puntual nº 3 "A Xuventude" das NN.SS.MM. de Cambados, sometido a nova información pública, por acordo da Comisión de Goberno, de data 19.11.2001. Cambados, 8 de abril de 2002.

O Secretario Accidental.



**Concello de
CAMBADOS**
(Pontevedra)



E fotocopia do original que se ma exhibe.
Cambados, 17 JUL. 2002

O Secretario, acc.

B. M. N. VÁZQUEZ CASAS

ORIXINAL

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento forma parte integrante do expediente relativo á Modificación Puntual nº 3 "A Xuventude" das NN.SS.MM. de Cambados, que foi aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, en sesión do 28.6.02. Cambados, 15 de xullo de 2002. Cerifico.

O Secretario Accidental.

CONVENIO DE COLABORACION

COA

CONSELLERÍA DE CULTURA, G.S. E TURISMO

PARA REHABILITACION DO EDIFICIO PARA USOS MÚLTIPLES - "A XUVENTUDE"

(TOTAL: 45.000.000.- Ptas.)

Ano 2000	10.000.000.- Ptas.
Ano 2001	10.000.000.- Ptas.
Ano 2002	10.000.000.- Ptas.
Ano 2003	15.000.000.- Ptas.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento forma parte do expediente da Modificación Puntual nº 3 "A Xuventude" das NN.SS.MM de Cambados, sometido a nova información pública por acordo da Comisión de Goberno, de data 19.11.2001, Certificado Cambados, 8 de abril de 2002.
O Secretario Accidental.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento forma parte integrante do expediente relativo á Modificación Puntual nº 3 "A Xuventude" das NN.SS.MM de Cambados, que foi aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, en sesión do 28.6.02. Cambados, 15 de xullo de 2002. Certificado.
O Secretario Accidental.

XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO E O CONCELLO DE CAMBADOS (PONTEVEDRA), PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO PARA USOS MÚLTIPLES

En Santiago de Compostela, na sede dos servizos centrais da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o día 27 de xullo de 2000.

REÚNENSE:

Dunha parte o Excmo. Sr. D. Jesús Pérez Varela, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo para o que foi nomeado polo Decreto 349/1997, do 9 de decembro, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

E doutra, o Sr. D. José Manuel Cores Tourís, actuando en representación do concello de Cambados (Pontevedra), en virtude da súa condición de alcalde-presidente do citado concello segundo o disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levaren adiante este convenio e,

MANIFESTAN:

Que ámbalas dúas entidades son conscientes da necesidade de instalacións de carácter sociocultural no concello de Cambados (Pontevedra), que permitan unha adecuada oferta co obxecto de satisfacer as necesidades que na materia teñen os habitantes e cidadáns desta zona, con dificultades de programar actividades culturais ó longo de períodos amplos, pola imposibilidade de situalas nun espazo que actúe como centro radial delas.

Esta carencia repercute, obviamente, na calidade desta oferta cultural, xa que moitas actividades culturais, teatrais, xuvenís, cinematográficas e bibliotecarias precisan para o seu desenvolvemento dunha infraestrutura axeitada ás súas necesidades técnicas.

Que coinciden co desexo de que esta oferta cultural poida estabilizarse para amplialo seu efecto beneficioso sobre aquelas xentes, menores, mozos, adultos, anciáns, interesándoas no coñecemento e consumo de bens socioculturais, o que equipará ao público urbano, integrándoas nun mesmo feito cultural.


Que consideran a promoción de centros culturais nos concellos, a solución idónea para resolverlos atrancos anteditos relativos á oferta cultural.

E fotocopia do original que se me exhibe.

Cambados, 17 JUL 2002

O Secretario, acc.

BENITO VAZQUEZ CASAS
D.N.I. N.º 76.046.036



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento forma parte do expediente da Modificación Puntual nº 3 "A Xuventude" das NN.SS.MM. de Cambados, sometido a nova información pública, por acordo da Comisión de Goberno, de data 19.11.2001. Certifico, Cambados, 8 de abril de 2002.

O Secretario Accidental.

XUNTA DE GALICIA

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento forma parte integrante do expediente relativo á Modificación Puntual nº 3 "A Xuventude" das NN.SS.MM. de Cambados, que foi aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, en sesión do 28/6/02. Cambados, 15 de xullo de 2002. Certifico.

O Secretario Accidental.

Que o concello de Cambados (Pontevedra) pretende ~~apoyarse~~ ^{apoyarse} nas obras ~~de~~ ^{de} rehabilitación do edificio para usos múltiples.

Que a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo considera oportuno participar no financiamento da devandita obra, polo interese que representa para o desenvolvemento cultural.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas partes teñen intereses coincidentes, é polo que asinan o presente convenio de cooperación de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é a contribución para a realización das obras de rehabilitación do edificio para usos múltiples.

SEGUNDA.- A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo comprométese a participar no financiamento coa entrega ó concello de Cambados da cantidade de CORENTA E CINCO MILLÓNS (45.000.000.-) de pts., [270.455'45 euros], como contribución para a realización das obras de rehabilitación do edificio para usos múltiples, conforme á seguinte distribución:

- Ano 2000: DEZ MILLÓNS (10.000.000.-) de pts., [60.101'21 euros], con cargo á aplicación orzamentaria 10.02.353A.760.0 dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2000.

- Ano 2001: DEZ MILLÓNS (10.000.000.-) de pts., [60.101'21 euros], con cargo á aplicación orzamentaria correspondente dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2001.

- Ano 2002: DEZ MILLÓNS (10.000.000.-) de pts., [60.101'21 euros], con cargo á aplicación orzamentaria correspondente dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2002.

- Ano 2003: QUINCE MILLÓNS (15.000.000.-) de pts., [90.151'82 euros], con cargo á aplicación orzamentaria correspondente dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2003.

A suma de tódalas contribucións que puidese obte-lo concello asinante para o mesmo concepto e finalidade establecidos no presente convenio, non poderá supera-lo 100% do custo total do investimento. No dito suposto, a achega outorgada pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo verase minorada na cantidade que exceda da dita porcentaxe.

E fotocopia de ... que se me exhibe.

O Secretario, acc.

MARCELIANO LOZQUEZ CASAS
D.N.I. Nº 20.819.098

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento forma parte do expediente da Modificación Puntual nº 3 "A Xuventude" das NN.SS.MM. de Cambados, sometido a nova información pública, por acordo da Comisión de Goberno, de data 19/06/2001. Certifico, Cambados, 8 de abril de 2002.

O Secretario Accidental.

XUNTA DE GALICIA

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento forma parte integrante do expediente relativo á Modificación Puntual nº 3 "A Xuventude" das NN.SS.MM. de Cambados, que foi aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, en sesión do 23.6.02, Cambados, 15 de xullo de 2002. Certifico.

O Secretario Accidental.

TERCEIRA.- O concello de Cambados (Pontevedra) comprométese a elaboración, supervisión e aprobación do proxecto técnico, a contratar, dirixir e executar as obras de construción do centro sociocultural, e a asumi-lo pagamento dos honorarios de facultativos pola redacción de proxectos e dirección das obras.

CUARTA.- Os pagamentos efectuaranse contra certificación de obra expedida polo facultativo director das obras, xuntándose certificación do secretario da corporación que transcriba o acordo ou resolución do órgano da corporación con competencia para a súa aprobación segundo o previsto na vixente Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2000. Toda a documentación será remitida á Dirección Xeral de Promoción Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. O prazo para xustificar os investimentos remata o 1 de novembro da anualidade correspondente.

QUINTA.- O concello de Cambados comprométese a destinar os fondos percibidos ó obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo resérvase a facultade de nomear un facultativo que na súa representación poderá realiza-las inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegura-lo cumprimento das normas e requisitos cos que se concede a contribución.

SEXTA.- Para o seguimento da execución do presente convenio, así como para a interpretación de cantas dúbidas e controversias xurdan na súa aplicación, créase unha comisión mixta, que estará integrada polo director xeral de Promoción Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e o alcalde-presidente do concello. As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de discrepancias, serán resoltas polo conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, co que se porá fin á vía administrativa.

SÉTIMA.- O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente de rescisión deste.

OITAVA.- O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.


NOVENA.- O presente convenio producirá efectos dende o día da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 1 de decembro de 2003.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ó seu cumprimento, someténdose ámbalas dúas partes ó acordado en tódalas estipulacións. E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinano e rubricano por cuadruplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

**O CONSELLEIRO DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO**

Asido: *Jesús Pérez*


**O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CAMBADOS**

Asido: *José Manuel Cores Tourís*

E fotocopia do orixinal que se depositou no Arquivo Municipal de Cambados, a 15 de xullo de 2002.
O Secretario, acc.

INSTITUTO VAZQUEZ CASALS
D.N.I.-N.º 26.474.888

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento forma parte do expediente da Modificación Puntual nº 3 "A Xuventude" das NN.SS.MM. de Cambados, sometido a nova información pública, por acordo da Comisión de Goberno, de data 19.11.2001. Certifico.



O Secretario Accidental.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento forma parte integrante do expediente relativo á Modificación Puntual nº 3 "A Xuventude" das NN.SS.MM. de Cambados, que foi aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, en sesión do 28.6.02. Cambados, 15 de xullo de 2002. Certifico.



O Secretario Accidental.

Don JOSE BENITO VAZQUEZ CASAIS, Secretario Acctal. do Ilmo. Concello de C A M B A D O S (Pontevedra),

CERTIFICO: Que a Comisión de Goberno, en sesión celebrada o día trinta e un de Xullo do ano dous mil, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Escrito da Consellería de Cultura, Comunidación Social e Turismo, remitindo un exemplar do Convenio de Colaboración formalizado con este Concello, para a realización das obras de rehabilitación do edificio para usos múltiples, e segundo o cal a Consellería financiará ditas obras coa cantidade de 45.000.000 de pesetas, establecendo, así mesmo, as demais condicións para a execución do Convenio.

A Comisión de Goberno acorda darse por enterada.-"

E para que conste e surta os efectos legais oportunos, de órde e co visto e prace do Sr. Alcalde, expido e asino a presente, en Cambados a sete de Agosto do ano dous mil.-

Visto e prace,
O ALCALDE,

[Signature]
José Manuel Cores Tourís

[Signature]



E fotocopia do original que se me exhibe.
Cambados, 17 de ago de 2002
O Secretario, acc)

JOSE BENITO VAZQUEZ CASAIS
D.N.I. N.º *[illegible]*

[Signature]